



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Estruturas e Variedades do Latín	Código	613G01034	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo dos sistemas fonético-fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico do latín e caracterización das súas variedades diacrónicas, diatópicas, diastráticas e estilísticas a través dos textos.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística ao estudo sincrónico e diacrónico da lingua latina.	A1		
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2		
	A12		
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e o seu desenvolvemento no campo da lingua latina.	A3		
Coñecer a lingua latina tanto en sincronía como no seu carácter de antecedente das linguas romances.	A13		
Ser capaz de levar os coñecementos lingüísticos e literarios á súa aplicación práctica no estudo da lingua latina.	A15		
Ter coñecementos sobre a evolución terminolóxica e sobre os procedementos de creación léxica tanto na lingua latina como nos períodos antigos das linguas romances.	A23		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información relativos á lingua latina.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación no estudo sincrónico e diacrónico da lingua latina.		B3	
Relacionar os coñecementos sobre lingua e literatura latinas cos de outras áreas e disciplinas, en particular con aquelas mais directamente derivadas do mundo clásico.		B5	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma, enriquecendo a capacidade expresiva por medio da aplicación do aprendido no ámbito da lingua latina e do mundo cultural antigo.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico na lectura e valoración de documentos escritos en lingua latina.		B7	
		B8	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Apreciar a diversidade da lingua latina en sincronía e en diacronía.		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O sistema fonético e fonolóxico do latín, e a súa representación gráfica. Principais liñas de evolución.	1.1. Descrición do sistema vocálico; variedades e evolución 1.2 Descrición do sistema consonántico; variedades e evolución 1.3 Orixe e evolución do alfabeto latino



2. Morfosintaxe do latín.	2.1 A flexión nominal e a súa evolución 2.2 Morfoloxía verbal e a súa evolución 2.3 Organización sintáctica da oración simple; a súa evolución. 2.4 Organización sintáctica da oración complexa; a súa evolución
3. O léxico latino: mecanismos para a súa creación, organización e renovación.	3.1 Caracterización xeral do léxico patrimonial latino 3.2 Derivación 3.3 Composición 3.4 Préstamos, con atención preferente aos helenismos
4. Variedades do latín.	4.1 As variedades diacrónicas 4.2 A cuestión das variedades diatópicas do latín 4.3 Variedades diastráticas, con atención preferente ao chamado latín cristián. 4.4 O problema do chamado latín vulgar.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A13 A15	16	32	48
Sesión maxistral	A3 A12 A13 B5	16	0	16
Lecturas	A3 A23 B1 B3 B6 B7	0	20	20
Análise de fontes documentais	A1 A2 A13 A15 A23 B1 B5 B8 C3	0	12	12
Traballos tutelados	A1 A2 A13 A15 A23 B3 B4 B6 B7 C1	0	12.5	12.5
Proba mixta	A1 A3 A12 A13 A15 A23 C1	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Lecturas	Lectura dos manuais, artigos e monografías que se indiquen para cada tema, así como dos materiais que se poñan a disposición do alumnado a través da plataforma de teleformación.
Análise de fontes documentais	Análise de textos relativos aos contidos da asignatura que se comentarán especialmente nas sesións maxistras e de aprendizaxe colaborativa. Os textos indicaranse ao longo do curso.
Traballos tutelados	Dous traballos individuais onde o alumno terá que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e/ou aplicación dunha metodoloxía concreta.
Proba mixta	Proba que integra preguntas de tipo teórico e exercicios de tipo práctico sobre os contidos do programa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados	Os traballos estarán relacionados cos temas destinados á aprendizaxe colaborativa. Consistirán en comentarios de textos, reseñas de artigos, aplicacións de métodos de análise ou outras actividades puntuais que se consideren proveitosas para a autoaprendizaxe do alumno. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos tanto na actividade na aula coma durante o horario de titorías.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A3 A12 A13 A15 A23 C1	Consistirá nunha proba escrita con cuestións a desenvolver sobre o temario desenvolvido na aula. Poderá conter preguntas de índole teórica (explicación teórica dunha ou de varias cuestións do temario explicado) e exercicios de tipo práctico (comentario e explicación de textos). A proba terá lugar na data que figura no calendario oficial de exames aprobado pola Xunta de Facultade. Para superala, e para superar a materia, deberá alcanzarse na proba escrita unha cualificación mínima de 5 puntos.	50
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A13 A15	Asistencia de maneira regular ás aulas, participación activa nas mesmas e realización das tarefas que se encomenden.	25
Traballos tutelados	A1 A2 A13 A15 A23 B3 B4 B6 B7 C1	Os traballos tutelados, que o alumno terá que desenvolver coa supervisión do profesor, estarán relacionados preferentemente coa actividade desenvolvida na aula, pero poderán ser tamén complementarios da mesma. Valorarase o seu contido e a súa correcta presentación.	25

Observacións avaliación
Os criterios de avaliación na convocatoria de segunda oportunidade serán os mesmos ca os establecidos para a convocatoria do mes de maio. Os estudantes que, por teren dispensa académica, non asistan ás aulas, deberán preparar pola súa conta os traballos e actividades programados, que suporán un 50% da cualificación global

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Monteil, P. (2003). Elementos de fonética y morfología del latín. Sevilla - Díaz y Díaz, M. C. (1981 (reimpr.)). Antología del latín vulgar. Madrid - Sidwell, K., (1995). Reading Medieval Latin. Cambridge - Adams, J. N. (2007). The Regional Diversification of Latin 200 BC - AD 600. Cambridge - García de la Fuente, O. (1990). Introducción al latín bíblico y cristiano. Madrid - Hermann, J., (2001). El latín vulgar. Barcelona - Molina Yébenes, J. (1996). Sintaxis de los casos. Retroversión y comentario de textos. Barcelona - Löfstedt, E. (1959). Late Latin [trad. it. con apéndice de G. Orlandi: Il latino tardo. Aspetti e problemi, Brescia, 1980]. Aschehoug - Mantello, F. A. C.-Rigg, A. G. (1999 (reimpr.)). Medieval Latin. An Introduction and Bibliographical Guide. Washington - Ernout, A.-Thomas, F. (1964). Syntaxe latine. Paris - Palmer, R. L. (1988 (2ª ed.)). Introducción al latín. Barcelona - Väänänen, V. (1985 (reimpr.)). Introducción al latín vulgar. Madrid - Rubio, L., (1984 (2ª ed.)). Introducción a la sintaxis estructural del latín. Barcelona - Fontán, A.-Moure Casas, A., (1987). Antología de latín medieval. Madrid - Blaise, A. (1955). Manuel du latin chrétien. Strasbourg - Ernout, A. (1956 (2ª ed.)). Recueil de textes latines archaïques. Paris - Pisani, V. (1975). Testi latini arcaici e volgari con commento glottologico. Torino
Bibliografía complementaria	A bibliografía complementaria indícase en cada tema.



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías